

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 11 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día once de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(711).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 27 de xuño de 2014. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(712).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas remitidas pola Asesoría Xurídica:

A). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 275/12. DEMANDANTE: D. FRANCISCO SIMÓN IGLESIAS E OUTRO. RPA DANOS POR ASOLAGAMENTO O 21/08/2011 EN RÚA L. MORA Nº 10, BAIXO RASANTE. DESESTIMADO O RECURSO. EXPEDIENTE Nº 7577/111.

SENTENZA DO TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 3ª. APELACIÓN Nº 7001/2014. DESESTIMA A APELACIÓN DAS DEMANDANTES, CON CUSTAS TAXADAS.

B). SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE VIGO NO RC-A Nº 1147/2013 (SEGURIDADE SOCIAL). DEMANDANTE: D. RAMÓN VÁZQUEZ RIAL, CONTRA RESOLUCIÓN DO 26-09-2013, DENEGACIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE PARCIAL. NON É FIRME, DESESTIMA A DEMANDA. EXPEDIENTE Nº 8265/111

C). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 33/2014 P.A. DEMANDANTE: Dª BENITA TRIGO LOSADA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 13/12/2013 ESTIMACIÓN PARCIAL E IMPUTACIÓN Á CONTRATISTA). ESTA SENTENZA, FIRME, ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO MODIFICANDO O ACTO RECORRIDO EN CANTO Á CONTÍA INDEMNIZATORIA QUE É (EN TOTAL) DE 4.387,11 €. EXPEDIENTE Nº 8478/111

D). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 73/2014 P.A. DEMANDANTE: Dª ELENA Mª GABARRES JIMÉNEZ. OBXECTO RESOLUCIÓN DO 17/01/2014 (EN REPOSICIÓN) “AXUDAS CONTRA A CRISE, NECESIDADES BÁSICAS, CONVOCATORIA 2013. ESTA SENTENZA, FIRME, DESESTIMA O RECURSO, CON CUSTAS TAXADAS. EXPEDIENTE Nº 8540/111

E). SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 1ª. P.O. 882/2011. DEMANDANTE: Dª Mª BELÉN PÉREZ FREIRE E TRES PERSOAS MÁIS (PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO). OBXECTO ACORDO PLENARIO DO 26-09-2011 “MODIFICACIÓN ORZAMENTO PARA 2011 (PERSOAL, “REGULARIZACIÓN”). CREACIÓN DE 8 PRAZAS NO SERVIZO DE EMPREGO. NON É FIRME, DESESTIMA INTEGRAMENTE O RECURSO. EXPEDIENTE Nº 7223/111

F). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 40/2014 P.A. DEMANDANTE: D. MARCO ANTONIO DOSIO GARCIA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 31-07-2013. SANCIÓN DE TRAFICO (ESTACIONAMENTO EN CARGA E DESCARGA). FIRME, DESESTIMA O RECURSO, CON CUSTAS TAXADAS DE OFICIO. EXPEDIENTE Nº 8480/111

G). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 73/2014 P.A. DEMANDANTE: Dª DEONILDA ROMERO ALMEIDA. OBXECTO RESOLUCIÓN DO 13-01-2014 RPA, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 10-09-2012. FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPEDIENTE Nº 8542/111

H). SENTENZA DO TSXG, SALA DO C-A, SECCIÓN 4ª. APELACIÓN 15005/2014. DEMANDANTE: “CASTRO GALICIA S.A.” OBXECTO: RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO (E.P.) LIQUIDACIÓN DO ICIO (MÉTODO DE ESTIMACIÓN INDIRECTA). RESOLVE A APELACIÓN DO CONCELLO, DESESTIMÁNDOA, CON CUSTAS TAXADAS. QUEDA FIRME E EXECUTIVA A SENTENZA DA INSTANCIA, QUE OBRIGA A PRACTICAR NOVA LIQUIDACIÓN POR ESTIMACIÓN DIRECTA. EXPEDIENTE Nº 7676/111

I). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO RC-A P.O. 240/2012. DEMANDANTE: COMUNIDADE DE MVMC DE PONTEVEDRA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 24-10-2011 E 16-04-2012 DO XURADO PROVINCIAL DE MVMC DE PONTEVEDRA, “MONTE GORXAL”, PARCELAS A, B, C, D, E, F, G, H, E I. NON É FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPEDIENTE Nº 7474/111

K). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A P.A. 41/2014. DEMANDANTE: Dª CLEMENTINA VILARIÑO RIAL. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 08/11/2013 RPA (ASOLAGAMENTO SOTO RÚA PINO Nº 14) EXTEMPORANEIDADE. FIRME, DESESTIMA O RECURSO, CON CUSTAS TAXADAS. EXPEDIENTE Nº 8481/111

L). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A P.A. 76/2014. DEMANDANTE: Dª Mª TERESA MARTÍNEZ PAZO. OBXECTO: RPA, CAÍDA NA RÚA PÚBLICA O 14/05/2012, ACCESO Á PRAZA DE EL-REI. FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPEDIENTE Nº 8544/111.

M). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 300/13 P.O. DEMANDANTE: Dª BEATRIZ MARTÍNEZ FIGUEROA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 27-09-2013. AXUDAS CONTRA A CRISE 2013. ACEPTA O DESISTIMENTO DA ACTORA, SEN CUSTAS. EXPEDIENTE Nº 8419/111

N). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 8/2013 P.O. DEMANDANTE: D. ASER GÓMEZ SESTELO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN 05-2-2013 DA RECLAMACIÓN DO 14-5-2012. RETIRADA DE VEHÍCULO (ABANDONADO POLO CONDUTOR LOGO DUN ACCIDENTE). NON É FIRME, DESESTIMA O RECURSO CON CUSTAS TAXADAS. EXPEDIENTE Nº 77837111

Ñ). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 75/14 P.A. DEMANDANTE: D. JUAN A. CORTÉS HIGUERA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 13-1-2014. RPA, ACCIDENTE VEHÍ-

CULO O 21-8-2011 (TAPA DE SUMIDOIRO). FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPEDIENTE Nº 8590-111

O). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 89/14 P.A. C1. DEMANDANTE: D^a ALICIA NAVARRO ABAD. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 18-12-2013. RP-A, CAÍDA NA VÍA PÚBLICA O 23-9-2012 (CENTRO HISTÓRICO).FIRME, DESESTIMA O RECURSO, SEN CUSTAS. EXPEDIENTE Nº 85507111

P). SENTENZA DO TSXG, SALA DO SOCIAL. SUPPLICACIÓN SENTENZA 1122/2014, DO 12 DE MAIO. DEMANDANTE: D. JUAN C. DOVIGO P. E C.X.T. OBXECTO: MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL CONDICIÓNS DE TRABALLO SOBRE XORNADA E HORARIO O 11-12-2012 E 20-5-2013 POLA CONTRATISTA CLECE, S.A. (SERVIZOS SOCIAIS, INFANCIA E FAMILIA).

ESTA SENTENZA DESESTIMA O RECURSO DE SUPPLICACIÓN DA DEMANDANTE E CONFIRMA A SENTENZA DE INSTANCIA. EXPTE. 7764/111.

Q). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº P.A. 91/2014. DEMANDANTE: D^a. MOUNTAKHA DIOP. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 10-1-2014 XGL (EN REPOSICIÓN). AXUDAS CONTRA A CRISE 2013. DESESTIMADO O RECURSO, CON CUSTAS TAXADAS. EXPEDIENTE Nº 8587/111

R). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº P.A. 86/2014. DEMANDANTE: D^a M^a VIOLETA ABRALDES MARTÍNEZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 30-12-2013 (EN REPOSICIÓN). AXUDAS CONTRA A CRISE 2013. FIRME, ESTIMA O RECURSO, ANULA O ACTO E DECLARA O DEREITO DA DEMANDANTE Á PERCEPCIÓN DA AXUDA, CON XUROS LEGAIS DENDE O 30-12-2013. EXPEDIENTE Nº 8564/111

S). SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO NO PROCEDIMENTO 275/2014 (ART. 13º LX SOC). DEMANDANTE: D^a M^a CONCEPCIÓN COUSIÑO SENDÍN. OBXECTO: REDUCCIÓN DE XORNADA 1 HORA FILLO/A MENOR DE 12 ANOS E “ CORRECCIÓN DE ERRO”. DESESTIMA A DEMANDA E ABSOLVE AO CONCELLO EN TODOS OS SEUS PEDIMENTOS. EXPEDIENTE Nº 8578/111

T). SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO RC-A Nº 84/2014 P.A. DEMANDANTE: D. IVÁN GONZÁLEZ SUÑET. OBXECTO: XGL DO 17-1-2014 (EN REPOSICIÓN). CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE 2013. FIRME, ESTIMA O RECURSO, ANULA OS ACTOS RECORRIDOS E DECLARA O DEREITO DO ACTOR Á PERCEPCIÓN DA AXUDA SOLICITADA, CON XUROS DENDE O 14-1-2014 E CUSTAS TAXADAS. EXPEDIENTE Nº 8551/111

U).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 74/2014 P.A. DEMANDANTE:D. REINALDO PILCO MIRANDA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 30-12-2013 (EN REPOSICIÓN). AXUDAS CONTRA A CRISE 2013. FIRME, DESESTIMA O RECURSO SEN CUSTAS. EXPEDIENTE Nº 8539/111

V).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 74/2014 P.A. DEMANDANTE:D. REINALDO PICO MIRANDA. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 30-12-2013 (EN REPOSICIÓN). AXUDAS CONTRA A CRISE 2013. ;FIRME, DESESTIMA O RECURSO SEN CUSTAS. EXPTE. 8586/111.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3(713).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES DE POLÍTICA DE BENESTAR, CORRESPONDENTES AOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2014. EXPTE. 97722/301.

Cumprindo as instrución da Base 31 das de execución do orzamento en vigor, dáse conta dos expediente de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de abril, maio e xuño de 2014.

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
11/06/14	COLOCACIÓN SOLEIRA DE FORMIGON NO ALBERGUE	2120002	201400034519	1.425,86	VIVEROS ADOA, S.L.
18/06/14	OBRAS REPARACIÓN REDE SANEAMENTO ALBERGUE	2120002	201400035758	9.851,82	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS S.Coop. G (MARS)
24/06/14	INSTALACIÓN MAMPARAS DUCHAS EN ALBERGUE	2120002	201400035759	8.690,22	MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS S.Coop. G (MARS)
23/05/14	MANIPULADO E DISTRIBUCIÓN POLITICOS CAMPAÑA LIBROS	2260200	201400030053	5.399,43	AGUA DE MAYO MARKETING
10/04/14	TALLERES DANZAS DO MUNDO	2260902	201400021629	8.019,00	VICTOR GONZALEZ ROMERO
10/04/14	TALLERES RISA ACTIVA E VIVIR EN POSITIVO	2260902	201400021630	4.735,50	JOSE ANTONIO CELADA HERMIDA
10/04/14	TALLERES VIVE CANTANDO	2260902	201400021631	2.640,00	ANDREA GOMEZ NAVARRETE
13/05/14	OBRADOIROS TAI-CHI	2260902	201400027029	924,00	MARISOL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
16/05/14	TALLERES MOVEMENTO E RELAXACIÓN	2260902	201400027032	1.089,00	SANDRA G. VERBA SZERMAN
21/05/14	OBRADOIROS MEMORIA ACTIVA	2260902	201400030052	3.366,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA A.C. VIGO
22/05/14	TALLERES AUTOCONOCIMIENTO	2260902	201400031644	4.059,00	PATRICIA RIVAS GALLEGO
01/04/14	DESTRUCCION DOCUMENTACIÓN	2279900	201400019085	264,00	DESTRUDAT, S.L.
11/04/14	PROGRAMA CINENSINO	2279906	201400020652	10.736,00	VIARIOS
11/04/14	PROGRAMA ODISEA	2279906	201400020653	300,00	ASOC. ALBORADA
11/04/14	PROGRAMA NON PASA NDA PASA ALGO	2279906	201400020654	1.800,00	ASOC. ALBORADA
11/04/14	PROGRAMA DE PREVENCIÓN INFORMACION E SENSIBILIZACIÓN	2279906	201400020655	300,00	ALBORADA
11/04/14	PROGRAMA CINENSINO	2279906	201400022117	13.376,00	VIARIOS
25/04/14	5 OBRADOIROS PROG PREVENCIÓN	2279906	201400023609	1.500,00	ASOC. ÉRGUETE
25/04/14	22 CHARLAS INFORMATIVAS	2279906	201400023610	2.625,00	ASOC. ÉRGUETE
28/04/14	CHARLA FORMATIVA PREVENCIÓN	2279906	201400023611	125,00	ASOC. ERGUETE
12/05/14	COMUNICACIÓN ONLINE PLDA	2279906	201400026361	6.354,00	VIARIOS
13/05/14	DESEÑO E ARTE FINAL CARPETAS PLDA	2279906	201400026362	1.391,50	MONICA MARTINEZ IGLESIAS

10/06/14	REALIZACIÓN APLICACIÓN INFORMÁTICA	2279907	201400033740	5.989,50	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
11/06/14	SERVIZO TELETRADUCCIÓN	2279907	201400035017	4.833,95	DUALIA TELETRADUCCIONES, S.L.
16/05/14	EXECUCION PROXECTO SENSIBILIZACIÓN IMPÓRTANOS	2279909	201400027034	10.000,00	FUNDACIÓN ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA
14/05/14	PROXECTOS E ACTIVIDADES INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL	2279909	201400029045	3.000,00	VARIOS
23/05/14	LIMPEZA VIVENDA RUA AZUCENA 1	2279909	201400031642	660,00	ANA MARIA GARCIA CRESPO
27/05/14	PROGRAMA LECER NO VERAN, XULLO	2279909	201400032278	18.000,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
27/05/14	PROGRAMA LECER NO VERAN, AGOSTO	2279909	201400032279	13.000,00	ASOC. GALEGA SAN FRANCISCO
03/06/14	PROGRAMA ME MUEVO	2279909	201400032553	6.010,12	DOWN VIG: ASOC. PARA SINDROME DE DOWN
18/06/14	RESERVA 4 PRAZAS CENTRO DE REHABILITACIÓN PSICO-SOCIAL	2279909	201400035760	7.000,00	ASOC. DE AXUDA Ó ENFERMO MENTAL DOA
27/06/14	DISPOSITIVO ACCESO BAÑO A PRAIAS	2279909	201400048266	16.200,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA - A.C. VIGO

A Xunta de Goberno Local queda informada.

4(714).- ALLEAMENTO DE 126 VEHÍCULOS DEPOSITADOS NA AVDA DE MADRID E CHATARRA DIVERSAS DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 4880/241

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 02/07/14, do xefe da oficina administrativa de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Allear para chatarra 126 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

Segundo.- Allear para chatarra os seguintes materiais e vehículo depositados nas dependencias do Parque Central de Servizos:

- Vehículo Motoniveladora matrícula PO-24545-VE, cun peso de 15.730 kgs.
- Chatarra diversa de ferro, cun peso aproximado de 70.000 kgs.
- 500 kgs. aproximadamente de retais de cable de cobre illado
- 500 kgs. aproximadamente de retais de cable de aluminio illado

- Os ofertantes aportarán prezos para a retirada de cada unha destas partidas, tendo en conta que serán ó seu cargo os custes de seccionamento, carga, temas administrativos, etc.
- O adxudicatario deberá aportar autorización calidade de Xestor de Resíduos non Perigosos para os seguintes códigos LER: 160117 (metais férricos); 160118 (metais non férricos); 170402 (aluminio); 170411 (cobre), en base ós cales procederá a realiza-las recollidas dos residuos obxecto da presente licitación
- Asímesmo e conforme á Normativa de aplicación (R.D. 1383/2002, xestión de vehículos ó final da súa vida útil), deberá proceder á emisión do correspondente certificado de destrución ou certificado de entrega dos vehículos que teña recepcionado nas súas instalacións.
- A pesaxe efectuarase no Parque Central utilizando a báscula de que dispoñen nas instalacións.
- A retirada das chatarras realizarase entre as 9.00 e as 14.00 horas, agás que autorice puntualmente o Parque Central un horario distinto por razóns xustificadas.

O adxudicatario único será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 126 vehículos depositados no recinto da Avda. de Madrid, e chatarra diversa que se atopa no Parque Central de Servizos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación.
- 2.- Propón como prezo para a compra dos 126 vehículos o de euros.
- 3.- Propón como prezo para a compra do vehículo motoniveladora o de euros.
- 4.- Propón como prezo para a compra de chatarra de ferro o de euros.
- 5.- Propón como prezo para a compra de chatarra de cable de cobre o de euros.
- 6.- Propón como prezo para a compra de chatarra de cable de aluminio o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

5(715).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO PARA A DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES NAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAÍDOS. EXPTE. 13120/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27/06, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de

Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 21/05 e 3/07, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o programa de actividades (Anexo III do texto do convenio de colaboración) vinculadas ó desenvolvemento do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Atletismo.

Segundo.- Aprobar do texto do convenio que rexerá o programa de dinamización deportiva da instalación deportiva municipal das pistas de atletismo entre o Concello de Vigo e a Federación Galega de Atletismo.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 18.000,00 €. a favor da entidade Federación Galega de Atletismo co CIF: G-15103500 e enderezo social na Avda. Glasgow, 13 en A Coruña segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13120/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.227.99.05. do vixente orzamento.

Cuarto.- Aprobar a cesión á Federación Galega de Atletismo do 90% dos espazos dispoñibles nas pistas de atletismo de Balaidos para a xestión da publicidade estática, tal e como se establece na letra "g" da cláusula terceira do convenio de colaboración, previa presentación, por parte da Federación, dun proxecto de explotación dos ditos espazos, e a autorización expresa por parte do Concello de Vigo.

Quinto.- Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

"CONVENIO A SUSCRIBIR ENTRE O CONCELLO DE VIGO ORGANISMO E A ENTIDADE "FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO" PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓN DEPORTIVA NA INSTALACIONES DEPORTIVA MUNICIPAL "PISTAS MUNICIPAIS DE ATLETISMO DE BALAIOS".

No Concello de Vigo, o día ____ de _____ de 2014

COMPARECEN

DUNHA PARTE: D. Abel Caballero Álvarez en calidade de Alcalde do Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo, en orde ás competencias que ten conferidas.

DOUTRA PARTE: D. Isidoro Hornillos Baz con DNI: 32426699B como Presidente da Federación Galega de Atletismo

Diante da secretaria do goberno Municipal de Vigo Dna. Concepción Campos Acuña.

Ámbalas dúas partes recoñecen a súa capacidade e competencia para formalizar o presente convenio entre as entidades ás que representan e

EXPOÑEN:

Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, ten entre os seus obxectivos a promoción e dinamización deportiva en todos os ámbitos e de forma específica en relación a modalidade do atletismo e a instalación das pistas municipais de atletismo.

Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica do atletismo en Vigo.

Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación das diversas posibilidades de práctica deportiva na instalación Municipal das Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos.

Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa Federación Galega de Atletismo, establecendo un marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atopase incluído no establecido no artigo 4.d) do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP.

Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, ámbalas dúas entidades suscriben o presente convenio de colaboración definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especifícase nas seguintes

CLAUSULAS:

Primeira: *A finalidade deste convenio fundaméntase de forma principal na colaboración conxunta para a dinamización deportiva das instalacións Municipais das Pistas de Atletismo de Balaidos. A vixencia do presente convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2014. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a realización dun novo convenio, previa solicitude da entidade.*

Segunda: *A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP (art. 4.d), queda referida ás propias cláusulas do convenio, ás restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.*

Terceira: *A Federación Galega de Atletismo, colaborará co Concello de Vigo no desenvolvemento da dinamización deportiva das instalacións municipais das Pistas de Atletismo de Balaidos, a través dos seguintes compromisos:*

a) *A Federación Galega de Atletismo, encargarse da dinamización deportiva a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da practica deportiva, respondendo os seguintes aspectos:*

a.1.- Xerar ofertas que se correspondan coas demandas das entidades deportivas de atletismo de Vigo, en relación coas súas propias competencias.

a.2.-Fomentar actividades e programas que dinamicen a práctica do atletismo coas entidades deportivas de atletismo de Vigo, así como aqueles outros programas que se acorden co propio Concello de Vigo baixo os principios de eficiencia y economía en funcións dos recursos vinculados o vixente convenio.

a.3.- Desenvolver as actividades deportivas oficiais contempladas no calendario deportiva das disciplinas atléticas.

- b) A Federación Galega de Atletismo, para o desenvolvemento deste programa de promoción da practica deportiva, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio a apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Atletismo de Balaidos. Dito persoal non terá ningunha relación laboral contractual co Concello de Vigo, e deberá atoparse baixo o réximen laboral adecuado a súa responsabilidade. Para ese efecto, a Federación Galega de Atletismo, contará con todos os medios materiais e organizativos suficientes, garantindo a través da súa facultade dirección e das súas potestades organizativas o correcto desenvolvemento do obxecto deste convenio.

Os horarios mínimos de apertura da instalación quedan establecidos en base o anexo I, o cal deberá adecuarse as necesidades demandadas polas entidades deportivas do atletismo vigués.

- c) A Federación Galega de Atletismo responsabilizarase das tarefas básicas do control e vixianza das actividades. Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades. De forma xeral tódalas incidencias e necesidades serán transmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente do Concello de Vigo para o seu fluído tratamento e coñecemento.
- d) A Federación Galega de Atletismo, será a responsable da execución dos programas deportivos, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio. Ademais deberá de cumprir con todos os requisitos de seguridade obrigatorios por normas de aplicación sectoriais da actividade que se desenvolva.
- e) A Federación Galega de Atletismo, será responsable da execución das tarefas de mantemento funcional e preventivo das instalacións deportivas. Dentro deste ámbito de actuación se atopan os traballos de limpeza, así como os pequenos mantementos derivados do propio uso da instalación. Para a regulación deste apartado no primeiro mes de vixencia do contrato será preciso a realización dun acta inventario dos elementos vinculados a esta responsabilidade.
- f) A Federación Galega de Atletismo, para garantir o uso equitativo e equilibrado das instalacións, será responsable de propoñer unha normativa para o funcionamento e uso das instalacións, que deberá ser aprobado polo Concello de Vigo.
- g) A Federación Galega de Atletismo, poderá xestionar o 90% das diversas opcións de publicidade estática fixa no ámbito da instalación. Para o cal deberá solicitar do Concello de Vigo a autorización expresa coa presentación dun proxecto. Os acordos vinculados a ditos proxectos de publicidade repercutirán directamente na financiación do obxecto do presente convenio. Así mesmo, ditos acordos non poderán superar en ningún caso a vixencia de convenio.
- h) En toda a información e publicidade das actividades deportivas vinculadas a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, da Concellería de Deportes como entidades colaboradoras. Así mesmo todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego.

Cuarta: O Concello de Vigo comprométese a:

- a) *Colaborar coa Federación Galega de Atletismo na difusión e dinamización dos contidos e actuacións vinculados con este convenio.*
- b) *Para facilitar o uso da instalación deportiva "Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos", o Concello de Vigo facilitará á Federación Galega de Atletismo, unha copia das chaves, así como un código de acceso á instalación, responsabilizándose o persoal da entidade da custodia, adecuado uso para a apertura e peche da instalación, así como de non transferir a terceiras persoas, tanto as chaves como o código e acceso.*
- c) *O Concello de Vigo como titular da instalación responsabilizarase dos seguintes aspectos:*
- *Consumos de enerxía eléctrica, consumos de auga.*
 - *En relación co mantemento da instalación, o Concello de Vigo, en colaboración coa Federación Galega de Atletismo realizarán un programa de actuación de mantemento das instalacións.*
 - *A responsabilidade civil vinculada a titularidade da infraestrutura.*
- d) *O Concello de Vigo colaborará na financiación das actuacións vinculadas a este convenio coa aportación máxima de 18.000,00 euros, con cargo a partida orzamentaria da Concellería de Deportes 3410.227.99.05. Esta aportación é independente de aoutras aportacións que a Concellería de Deportes consigne para o desenvolvemento de competicións oficiais de atletismo na cidade de Vigo, en relación á organización de diversas probas atléticas na vía pública, como as tradicionais Carreira de San Xoán ou a Carreira do Pavo, entre outras.*

Dito importe será aboado a Federación Galega de Atletismo, según a certificación bancaria de titularidade da seguinte forma:

d.1.- O 50% do importe total proposto, será abonado á Federación Galega de Atletismo mediante transferencia Bancaria, trala aprobación do presente convenio por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais vinculados o obxecto do presente convenio. En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xá que a solvencia e capacidade da Federación Galega de Atletismo, está demostrada pola traxectoria da entidade como entidade que dende o ano 1990 ven desenvolvendo actuacións similares en relación a dinamización atlética nas pistas de Balaidos.

d.2.- O resto do importe abonarase á Federación Galega de Atletismo de modo fraccionado en porcentaxe do 25 %, e trala presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable.

Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado do 25%, e previo o abono deste, a Federación Galega de Atletismo deberá xustificar axeitadamente o 50% recibido anticipadamente.

A axeitada xustificación, a realización do obxecto do convenio e o cumprimento da finalidade do mesmo será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

A tal efecto, a Federación Galega de Atletismo, deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén o proxecto subvencionado.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais de federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, etc.) emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida os obxectivos do convenio.

Con carácter previo ao pago das aportacións económicas recollidas neste apartado, a Federación Galega de Atletismo, deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como ante o Concello de Vigo.

- e) *O Concello de Vigo en coordinación coa Federación Galega de Atletismo desenvolverán un proxecto anual de necesidades en relación ós equipamentos técnicos de competición, que será desenvolto polo Concello de Vigo en función da dispoñibilidade orzamentaria en cada exercicio.*

Quinta: O Concello de Vigo a través do seu persoal cualificado a tal efecto, resérvase a facultade de controlar o bo uso das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas en materia de mantemento e coidado da instalación, para o cal a Entidade que asina este convenio atenderá as indicacións do Anexo II.

Sexta: A Federación Galega de Atletismo comprométese a confeccionar unha memoria anual en relación o desenvolvemento das actividades incluídas neste convenio, e detalladas no Anexo III, a cal deberá contemplar:

Por parte da entidade Federación Galega de Atletismo:

- Descrición das actividades realizadas.*
- Nº de participantes.*
- Nº de entidades.*
- Valoración da actividade*
- Outros puntos que sexan considerados de interese.*

Desta memoria anual deberase dar conta á Concellería de Deportes.

Sétima: A Federación Galega de Atletismo, non poderá percibir cantidade algunha pola utilización das instalacións obxecto deste convenio, por parte de terceiros, nin poderá autorizar o seu uso unilateralmente sen autorización previa do Concello de Vigo.

Oitava: Para o seguimento do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará formada por dúas persoas nomeadas por cada unha das partes.

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes, quedando facultado o Concelleiro de Deportes para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

En proba da súa conformidade, as partes intervintes, así o conveñen asinando por duplicado, no lugar e data indicada no presente convenio.

O Alcalde de Vigo
D. Abel Caballero Álvarez

O Presidente da Federación Galega de Atletismo
D. Isidoro Hornillos Baz

ANEXO I: Proposta básica dos horarios para o desenvolvemento das actuacións deportivas:

	*Horario Mañás	*Horario Tardes
Lunes	Pechada	18,00h-23,00h
Martes a venres	10,00h-13,00h	18,00h-22,00h
Sábados	10,00h-13,00h	Pechada

*Horarios expostos a modificacións en función da celebración de competicións puntuais que teñan lugar nas instalacións.

ANEXO II: Indicacións e pautas para o bo funcionamento da instalación:

A.- REVISIÓN DOS SISTEMAS E EQUIPOS DA INSTALACIÓN:

Neste apartado facemos referencia o conxunto de sistemas que fan posible o funcionamento habitual da instalación tales como: a produción de auga quente sanitaria, sistemas de iluminación, marcadores, megafonía, etc.

- a.1.- Recoméndase debido a súa importancia funcional, realizar unha revisión do seu funcionamento antes do inicio das actividades diariamente.
- a.2.- Así mesmo pola complexidade e perigosidade dos devanditos sistemas, é absolutamente desaconsellable que se intente efectuar arranxos ou reparacións en ditos sistemas. Ante a existencia de calquera incidente, deberá proceder a comunicalo coa maior celeridade posible, para que sexan reparados polo persoal autorizado polo Concello de Vigo. Ditos avisos, aínda que polo seu carácter de urxencia poidan ser realizados telefonicamente, deberán ser identificados de forma escrita.

b.- ATENCIÓN OS USUARIOS

A filosofía normativa deste apartado centrase na procura de que os usuarios poidan desenvolver a súa actividade nas mellores condicións posibles.

- b.1.- Antes do inicio das actividades cada día o responsable da entidade deberá revisar a mesma, debendo preocuparse do grao de limpeza e orden da mesma.

- b.2.- *Diariamente, realizarase unha revisión da instalación (vestiarios, salas, etc), comprobando que todo quedou en orde, e que non existen desperfectos. No caso de detectar algún deterioro, procurarase subsanar e darase parte do acontecido.*
- b.5.- *Cando exista algunha avaría nalgún sistema, informarase desta circunstancia ós usuarios á chegada á instalación.*
- b.6.- *Tampouco debese de abandonar a seguridade do usuario tanto a nivel persoal como dos enseres dos que sexa propietario, para o que deberase de ter en conta un control de acceso á instalación.*

c.- OUTRAS FUNCIÓNS XERAIS:

- c.1.- *Atender as orientación e programación feita polo Concello de Vigo.*
- c.2.- *Entregar mensualmente informes de uso da instalación.*
- c.3.- *Realizar os partes de incidencias de cantas anomalías sexan producidas na instalación.*
- c.4.- *Para os casos de incidencias persoais dos deportistas vinculados os programas deportivos do convenio, a entidade deberá dispor dos plans e procesos de asistencia médica, según os protocolos específicos da lexislación vixente en materia deportiva.*

ANEXO III: PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN ATLÉTICA DAS PISTAS DE ATLETISMO MUNICIPAIS DE BALAIOS.

A Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos principais a promoción da actividade físico-deportiva, a dinamización de propostas encamiñadas ó fomento da práctica do deporte na cidade, a posta en marcha de iniciativas que faciliten o acceso dos e das cidadás a hábitos de vida saudables vinculados ó deporte, facilitar o desenvolvemento de competicións de diferentes ámbitos, niveis e modalidades dirixidas a deportistas da máis ampla gama de perfís ou optimizar o uso das instalacións deportivas de titularidade municipal.

Neste sentido, a Concellería de Deportes pon en marcha diferentes iniciativas e programas que son desenvolvidos ben directamente, ou ben en colaboración con outras entidades pertencentes ó tecido asociativo ou federativo da cidade de Vigo coa finalidade de optimizar os recursos dispoñibles e atopar vías de entendemento que permitan conseguir o maior impacto e repercusión nos propios deportistas da cidade e o maior nivel de calidade posible.

En liña con estes obxectivos xerais, e co firme propósito de impulsar algunhas das iniciativas descritas, a Concellería de Deportes coordina, coa Federación Galega de Atletismo, o desenvolvemento dun proxecto de colaboración en relación ó funcionamento das pistas de atletismo de Balaidos, que teñen un carácter de uso exclusivo para a diversidade do deporte do atletismo, e que demandan unha actuación de dinamización deportiva, que posibilite un uso racional da instalación, ao tempo que poda xerar dinámicas de consolidación das demandas atléticas dos diversos colectivos.

Encamiñado a alcanzar niveis de excelencia esixibles en calquera iniciativa de carácter público, e en liña cos obxectivos principais da Concellería, ésta diseñou un programa de dinamización e promoción da práctica do atletismo, no que se ten en conta a colaboración necesaria da Federación Galega de Atletismo como axente coñecedor das necesidades dos diferentes colectivos vinculados á práctica do atletismo na cidade, e como entidade coordinadora das necesidades xeradas polo propio sector, encamiñado a garantir unha oferta deportiva que garanta un uso equilibrado e optimizado das instalacións municipais das pistas de atletismo de Balaidos, e simultaneamente desenvolva accións específicas dirixidas a potenciar a práctica do atletismo na poboación da cidade de Vigo.

O desenvolvemento específico do proxecto de dinamización das pistas de atletismo de Balaidos se fundamenta nas seguintes actuacións concretas:

1. Coordinar iniciativas dos diferentes colectivos cuxa actividade se desenvolve nas pistas de atletismo municipais de Balaidos.
2. Acoller e coordinar competicións oficiais de carácter federado que posibiliten a promoción do atletismo fundamentalmente entre os deportistas máis xóvenes da cidade.
3. Coordinar a xestión da atención ós diferentes colectivos que desenvolven os seus proxectos deportivos nas instalacións municipais das pistas de atletismo de Balaidos.
4. Organizar e coordinar a celebración de diferentes eventos deportivos municipais, entre os que destacan:
 - As "Series Municipais de atletismo" nas pistas Municipais de atletismo de Balaidos orientadas fundamentalmente á promoción do atletismo en pista, que se celebrarán en 5 xornadas distintas.
 - O Gran premio cidade de Vigo de Atletismo.
5. Albergar e facilitar diferentes competicións lideradas por distintos colectivos asociativos da cidade, como os Torneos de inverno, a Liga Nacional de Clubes, o Trofeo Alfonso Posada ou o Trofeo AVA, entre outros.
6. Optimizar e establecer os niveis de control necesarios na utilización das pistas de atletismo de Balaidos, armonizando equilibradamente as diferentes necesidades e establecendo criterios de usos equitativos.
7. Establecer o mantemento operativo da instalación determinando os criterios de calidade necesarios e levando a cabo os traballos necesarios que permitan unha axeitada conservación dos materiais e equipamentos.

Todas estas actuacións desenvolveranse nuns horarios ordinarios estables, adaptándose de forma extraordinaria ás necesidades vinculadas ó desenvolvemento das actividades puntuais do programa. Estes horarios estarán establecidos de forma ordinaria según a seguinte táboa:

Días	*Horario Mañás	*Horario Tar-des
Lunes	Pechada	18,00h-23,00h
Martes a venres	10,00h-13,00h	18,00h-22,00h
Sábados	10,00h-13,00h	Pechada

*Horarios expostos a modificacións en función da celebración de competicións puntuais que teñan lugar nas instalacións. "

6(716).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O CLUB VIGO VOLEIBOL PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13017/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13017/333, aprobado en X.G.L. O 09/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade Club Vigo Voleibol en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que "No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014

contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”, co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 15.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13017/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade Club Vigo Voleibol co CIF: G-36658219 e enderezo social na rúa Bolivia, 2, 6ºC, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13017/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.10 do vixente orzamento.

7(717).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPOITES E O CLUB DEPORTIVO BOSCO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13018/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13018/333, aprobado en X.G.L. o 09/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade CD Bosco en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”* co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 27.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13018/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade CD Bosco co CIF: G-36692317 e enderezo social na rúa Condesea Casa Bárcena, 9, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13018/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.05 do vixente orzamento.

8(718).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A SD OCTAVIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13024/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13024/333, aprobado en X.G.L. O 09/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade SD Octavio en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”*, co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 64.500,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13024/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade SD Octavio co CIF: G-36907384 e enderezo social na rúa Avda. Castrelos, 1, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13024/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.06 do vixente orzamento.

9(719).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A FPR OLIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13027/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13027/333, aprobado en X.G.L. o 20/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade FPR Olivo en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”*, co obxecto de aumentar o importe da subvención de

acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 3.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13027/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade FPR Olivo co CIF: G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedrayo, 5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13027/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.13 do vixente orzamento.

10(720).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O SARDOMA CF PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13028/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13028/333, aprobado en X.G.L. O 09/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade Sárdoma CF en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”*, co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 8.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13028/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade Sárdoma CF co CIF: G-36615607 e enderezo social na rúa Camiño Feira, S/N, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13028/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.19 do vixente orzamento.

11(721).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O AMFIV PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014 EXPTE. 13031-333 “

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de

Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13031/333, aprobado en X.G.L. O 09/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade CD AMFIV en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”*, co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 13.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13031/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade CD AMFIV co CIF: G-36711380 e enderezo social na rúa LG Canido Estación s/n, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13031/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.07 do vixente orzamento.

12(722).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E O CD XUVENIL DE TEIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA DEPORTIVA 2013-2014. EXPTE. 13047/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes e polo de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 4 e 7 de xullo, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación do convenio asinado con data 20 de maio de 2014 (Expte.13047/333, aprobado en X.G.L. o 09/05/2014) entre o Concello de Vigo e a entidade CD Xuvenil de Teis en base ó definido no seu pacto segundo, que establece que *“No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014”*, co obxecto de aumentar o importe da subvención de acordo coa partida contemplada no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014 aprobado polo Pleno do 13/06/2014 (BOP 20/06/2014).

Segundo.- Aprobar o gasto de 3.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13047/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade CD Xuvenil de Teis co CIF: G-36713493 e enderezo social na rúa Núñez

de Balboa, 12, plta.2-D, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13047/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.11 do vixente orzamento.

13(723).- SOLICITUDE DO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA ORGANIZAR O “I TORNEO DE WATERPOLO PLAYA”, NA PRAIA DO VAO O 12/07/14. EXPTE. 13223/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 02/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a ocupación do Areal da praia do Vao con motivo da celebración do I Torneo de Waterpolo Playa organizado polo Real Club Náutico de Vigo, o vindeiro sábado 12 de xullo de 2014 de 9.00h e rematando ás 21.00h

14(724).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO, PARA ORGANIZAR O “XXVI GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO” O 12/07/2014. EXPTE. 13157/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/07, do director deportivo do IMD conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro sábado 12 de xullo de 2014, o XXVI GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO, dita proba comenará ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro

15(725).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA O PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2014. EXPTE. 10799/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 01/07/14, do xefe do servizo conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención de datas 13/06 e 02/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria do ano 2014 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que se achegan no expediente.

Segundo.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 150.000€ (CENTO CINCUENTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas".

Terceiro.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2014 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas.

“PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACION DE EMPRESAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA 2014

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade*
- 1.2. Beneficiarios/as*
- 1.3. Requisitos xerais dos beneficiarios/as*
- 1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables*
- 1.5. Criterios de avaliación*
- 1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas*
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguemento*

Base 4ª. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes*
- 4.2. Obrigas*
- 4.3. Prazo de presentación*

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª. PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*
- 6.2. Publicidade das subvencións concedidas.*
- 6.3. Publicidade do financiamento público.*

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Base 8ª. PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

- | | |
|-------------------|---|
| <i>ANEXO I.</i> | <i>Solicitud.</i> |
| <i>ANEXO II.</i> | <i>Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.</i> |
| <i>ANEXO III.</i> | <i>Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación.</i> |
| <i>ANEXO IV.</i> | <i>Ficha de solicitud de transferencia bancaria.</i> |
| <i>ANEXO V.</i> | <i>Declaración xurada doutras axudas e de axudas en rexime de minimis</i> |
| <i>ANEXO VI.</i> | <i>Autorización para obtención de datos do padrón municipal.</i> |

- ANEXO VII. *Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado.*
ANEXO VIII. *Memoria xustificativa do proxecto empresarial.*
ANEXO IX. *Relación de facturas presentadas*
ANEXO X. *Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinaís.*
ANEXO XI. *Declaración xurada do perceptor.*

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión, para o ano 2014 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas no ámbito do Concello de Vigo. coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2. Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de abril de 2013 e o 31 de marzo de 2014 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) e que sexan viables técnica, económica e financeiramente. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3. Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as:

Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.

Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios.

Que, como mínimo, un dos promotores esté en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, a lo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de ser varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital social da empresa pertenza a persoas en situación de desemprego.

Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin os socios.

Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os socios.

Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

Que ningún do/s promotor/es houbera recibido a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.

Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

Na data límite de presentación das solicitudes os beneficiarios deberán cumprir os requisitos 1) e 5) deste apartado.

1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, excepto os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder a o período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2. licenza de obra e licenza de apertura
- a3. alta no Rexistro Mercantil
- a4. certificación negativa do nome da sociedade
- a5. honorarios de notaría por escrituras públicas
- a6. publicación no BORME
- a7. Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer de local, do vehículo industrial, de aplicacións informáticas e de equipos informáticos.

Serán subvencionables o 50% dos gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa.

d) Primas de seguros

Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

e) Subministracións e gastos correntes

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. auga
- e2. teléfono
- e3. electricidade
- e4. gasóleo / gasolina
- e5. material de oficina
- e6. asesoría
- e7. gas
- e8. equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)

f) Dereitos de propiedade industrial

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes*
- f2. modelos de utilidade*
- f3. deseño industrial*
- f4. marcas de produtos ou servizos*
- f5. nomes comerciais*
- f6. dominio en Internet*

g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Será subvencionable o 50% do custo do dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.

1.5. Criterios de avaliación

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos).

<i>Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM</i>	<i>10 puntos</i>
--	------------------

2. Situación social do socios/as promotores/as (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se demostre que os/as socios/as promotores/as sexan pertencentes aos colectivos com maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoas desempregadas de longa duración ⁽¹⁾*
- Que sexa o seu primeiro emprego*
- Menor de 30 anos*
- Maior de 45 anos*
- Mulleres*
- Discapacitados/as*
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽²⁾*
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio*
- Persoas que formen unha familia monoparental ⁽³⁾*
- Persoas que formen unha familia numerosa ⁽⁴⁾*

<i>Por cada condición que reúna cada un dos socios/as promotores/as</i>	<i>2 puntos</i>
---	-----------------

Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

<i>Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses</i>	<i>2 puntos</i>
--	-----------------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. Que as persoas, promotoras e contratadas por conta allea, estén empadroadas no Concello de Vigo . (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora ou contratada por conta allea empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
---	----------

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

6.

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación dos citados criterios, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

a) Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a antigüidade no desemprego dos/as promotores e das persoas contratadas.

b) De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo elo sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

⁽¹⁾ Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se fosen maiores de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25.

⁽²⁾ Considéranse colectivos en risco ou situación de exclusión social os seguintes:

❖ Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

❖ Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

❖ Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

- ❖ Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
- ❖ Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.
- ❖ Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.
- ❖ Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex- reclusos/as.
- ❖ Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.
- ❖ Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
- ❖ Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.
- ❖ Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

⁽³⁾ Considerarase familia monoparental aquela que reuna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia

⁽⁴⁾ Considerarase familia numerosa aquela que reuna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección das familias numerosas.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución de concesión. A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorra un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal prezase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

➤ O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

➤ Cando se trate de axudas compatibles entre sí dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscaís, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada (Regulamento (CE) Núm. 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis).

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramítase en réxime de concorrencia competitiva (a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de valoración recollidos no apartado 1.5).

➤ A Concellería de Promoción Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

➤ A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org, e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

3.2. Comisión de Valoración e Seguemento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguemento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.
- Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O Xefe do servizo actuará como secretario.

A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento e a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderán requirirlle aos/ás empresarios/as e/ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1. Solicitudes

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada previamente no Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do concello - 4ª planta):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).
- Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación segundo o punto 1.5 da base 1ª da subvención (Anexo III).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo IV).
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo V).
- Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo VIII).
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
- NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só precisase o DNI do representante da empresa e dos socios que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
- Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que cree/n o/s seu/s propio/s posto/s de traballo/s.
- Facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención xunto coa poliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a cuantía aboada.
- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (Anexo IX).
- Solicitude de licenza de apertura e licenza de obras, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.5 das bases):

- Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.
- Certificados que demostren a situación social dos promotores autoempregados (vida laboral, DNI, certificado de discapacidade, acreditación da pertenza a colectivos en risco ou situación de exclusión social e acreditación das persoas que esgoten a súa prestación de desemprego ou subsidio, no seu caso,...). A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto⁽¹⁾ que non será necesaria presentala si presenta asinada a autorización do Anexo VI e a condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto (art 2 e 5 da lei 40/2003 de protección de familias numerosas). Para avaliar o empadramento é necesario presentar o xustificante de empadramento ou o anexo de autorización (Anexo VI).
- No caso de contratación:

1. DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.

2. Contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego (SPE).

3. Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras.

4. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII de autorización de cada unha das persoas contratadas.

Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Certificados e/ou documento que a persoa solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

Non é necesario presentar compulsada a seguinte documentación: DNI, licenza de apertura e de obras, certificado emitido polo concello para a súa cualificación como ILE/PEIM nin os documentos asinados electrónicamente pola administración.

⁽¹⁾ No caso de familia monoparental empadroadada noutro concello sí será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días subsane a falla ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle tendrá por desistido da súa solicitude, arquivándose ésta previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos na [Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común](#).

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

4.2. Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

4.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, que se contarán a partir o día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo, previa solicitude por rexistro. Transcurrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.

O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcurrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mês, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcurrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tacitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a que a empresa esté ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Só deberá presentar as facturas relacionadas no Anexo X. A empresa beneficiaria poderá solicitar o dito anexo ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e presentalo asinado e con data actualizada.

b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbanse o

Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:

- *Número e, no seu caso, serie.*
- *Data da súa expedición*
- *Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide factura e do destinatario das operacións.*
- *Número de identificación fiscal do obrigado a expedir factura e do destinatario*
- *Enderezo do obrigado a expedir a factura e do destinatario das operacións*
- *Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións e calqueira desconto ou rebaixa non incluído no prezo.*
- *O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións*
- *A cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado*
- *Especificación, por separado, da parte de base impoñible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.*

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indicará a subvención para cuxa xustificación foron presentados e o importe exacto imputado á subvención.

c) Declaración xurada doutras axudas e de axudas en rexime de minimis (Anexo V).

d) Declaración xurada do perceptor (Anexo XI), acreditativa dos seguintes extremos:

- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

e) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.

f) Fotografía do cartel informativo da subvención que será suministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

O prazo para a presentación desta documentación será de 10 días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá estar numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante.

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguemento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

Base 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2014 do Programa de axudas municipais á creación de empresas do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As antecitadas bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do Concello – 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas.

Tódalas axudas que se concedan serán publicadas, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org, expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

6.3. Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Base 8ª. PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

8.1. Pérdida do dereito ao cobro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

8.2. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

8.3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª. DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2014, cun importe total de 150.000€.

Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "mínimis".

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte á da súa aprobación en Xunta de Goberno Local.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas."

16(726).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA "VIGO INTEGRAL II". EXPTE. 11004/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04/07/14, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Directora Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 19 de xuño de 2014, en base a Orde do 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2014 e 2015 de programas integrados para o emprego, co expediente TR332A/2014-0055, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 100.000 € para o ano 2014 e de 60.000€ para o ano 2015.

Ano	Subvención	Cofinanciación
2014	100.000	33.333,33
2015	60.000	20.000
Total	160.000,00	53.333,33
Total custo proxecto	213.333,33	

Segundo.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa integrado para o emprego “Vigo Integra II”, conforme ao establecido na orde de 23 de decembro de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2014 e 2015, e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

17(727).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO DE ESTUDIOS MEGA, S.L., PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 11009/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informes-proposta do 07 de xullo, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área; visto o informe xurídico do 07/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a sinatura do convenio entre D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro-delegado da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, segundo Decreto de delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da XGL de 8 de febreiro de 2013, e D^a Emma Martínez Garbín, con DNI 76990884V, en representación da empresa MEGA, S.L., para a regulación das prácticas que realicen os alumnos de información xuvenil (MP0245) pertencente á certificación de profesionalidade SSC567_3 Información xuvenil, segundo as bases reguladoras da orde do 1 de outubro de 2013 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, pertencente ao Plan Formativo (PF-2013/00090).

Segundo.- En ningún caso o Concello de Vigo asumirá gasto algún derivado do presente convenio, nin danos ou perdas que se poidan producir nas instalación e dependencias municipais como consecuencia da entrada en vigor do mesmo.

Terceiro.- Este período formativo non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre os alumnos e o Concello de Vigo.

“ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESTUDIOS MEGA, S.L. E O CONCELLO DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE INFORMACIÓN XUVENIL (MP0245) PERTENCENTE AO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SSC567_3 INFORMACIÓN XUVENIL DE ALUMNOS DE ACCIÓNS FORMATIVAS DIRIXIDAS A PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS, segundo as bases reguladoras da orde de 1 de outubro de 2013.

Vigo, 14 de xullo de 2014

REÚNENSE:

Por unha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en representación do Concello de Vigo, con enderezo social na Praza do Rey, nº 2 de Vigo, C.P. 36202 e CIF: P-3605700H, en virtude da delegación conferida por decreto de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013.

Da outra, D^a Emma Martíns Garbín, Administradora de Estudos Mega, S.L., con CIF B-36.964.542 e enderezo en avenida de Castrelos nº20-1º, Vigo, CP 36210, que actúa en nome e representación da mesma, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, por D. Francisco Fernández Iñigo, por tempo indefinido, no tomo:3151, Libro:3151, Folio:217, Hoja: PO-39063, Inscripción: 1ª.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para ós efectos,

EXPOÑEN

Que ambas as partes recoñécense recíprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxecto do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para a realización do Módulo de prácticas profesionais non laborais de Información Xuvenil (MP0245) pertencente ao certificación de profesionalidade SSC567_3 Información xuvenil, segundo as bases reguladoras da orde do 1 de outubro de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, pertencente ao Plan Formativo (PF-2013/000090).

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o desenvolvemento do Módulo de Prácticas Profesionais Non Laborais no centros dependentes do Concello de Vigo.

CLÁUSULAS

Primeira.- O alumnado desenvolverá as Prácticas Profesionais non Laborais no Concello de Vigo, sen que isto implique relación laboral algunha con esta institución; ésta será polo tanto estrictamente académica.

Segunda.- O Concello de Vigo colaborará na formación do alumnado dos cursos AFD sen que en ningún momento poida verse afectado o seu normal funcionamento.

Terceira.- Calquer accidente que o alumno poida sufrir dentro ou fóra do Concello de Vigo estará cuberto por un SEGURO DE ACCIDENTES e unha PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL a favor do alumno/a, contratada por Estudios Mega, S.L., e que comprenderá todo o período de prácticas. O alumno, baixo ningún concepto, poderá reclamar responsabilidades ao Concello de Vigo.

O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá un gasto derivado do presente Convenio, nin de danos e perdas que se poidan producir nas instalacións e dependencias do Concello de Vigo.

Cuarta.- De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas; obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Quinta.- A entidade responsable da docencia fará un seguimento do alumnado en coordinación co responsable por parte do Concello de Vigo.

Sexta.- Número de prazas.

O Concello de Vigo acollerá dous alumnos de Estudios Mega, S.L. en calidade de estada de prácticas; Dna. María Bautista Maestre, con DNI 36.163.058-C, e Dna. Leonor Martínez Vidal, con DNI 36.143.764-T.

Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.

Sétima.- Número de horas e horario

As prácticas que realicen os alumnos consistirán en 120 horas, segundo especificación do RD 567/2011 de 20 de abril, que regula o Certificado de Profesionalidade SSC567_3 de Información Xuvenil, no período do 17/07/2014 ao 21/08/2014 (ambos días inclusive).

Todas as xornadas de prácticas realizaranse dentro do horario de 09,00 a 14.00 horas.

As prácticas non serán recompensadas economicamente a ningún alumno.

Oitava.- O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas e que se lle deberá comunicar a outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades do centro docente ou dos centros dependentes do Concello de Vigo.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) *Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.*

d) *Mútuo acordo entre Estudios Mega, S.L., adoptado pola súa dirección, e o Concello de Vigo, adoptado pola súa parte. Igualmente poderase rescindir para un alumno ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no acordo por decisión unilateral do Centro de Formación ou do Concello de Vigo, ou conxuntamente de ambos os dous, nos seguintes casos:*

d.1) Falta de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas á realización das prácticas.

d.2) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia coa persoa interesada.

O alumno aceptará que en calquer momento se lle poida requerir que abandone definitiva o temporalmente as dependencias do Concello, sen que poida esixir ningún tipo de indemnización, previa comunicación a Estudios Mega, S.L..

Novena.- O presente acordo entrará en vigor durante o presente ano 2014, sen prexuízo de que se prorrogue automaticamente para os vindeiros anos, se non é denunciado por algunha das dúas partes.

E, en proba de conformidade, asinan as partes o presente convenio no lugar e data indicados ao comezo.”

18(728).- PROXECTO DE CONVENIO COA REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS, DENTRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL. EXPTE. 10987/77.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta do 01 e 0/8 de xullo, do xefe do servizo, conformado o primeiro polo concelleiro de área e polo concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico e de Intervención do 19/06 e 07/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.

Segundo.- Autorizar o gasto de 27.907,61 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2014.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

“CONVENIO COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en assemblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*

...”

Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o

desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 5 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1.Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:

- a)O fomento da autoestima.*
- b)A potenciación da personalidade.*
- c)A transmisión de modelos sociais igualitarios.*
- d)O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.*
- e)Transmitir modelos sociais igualitarios.*

2.Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.

3.Proporcionarlles ás/os profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.

4.Catalogar a documentación da entidade, así como desenvolver labores de investigación das mulleres vítimas de violencia de xénero.

5.Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de maio de 2014, según as publicacións realizadas pola comunidade autónoma:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLOS	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	34.204	34.793	-589	1.864	1.030	834	32.340	14.861	17.479

Paro rexistrado por sector de actividade:

CONCELLO	PARO TOTAL	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	PRIMEIRO EMPREGO
VIGO	34.204	501	5.008	2.991	22.866	2.838

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios segundo a Lei de Bases de Réxime Local, e en especial no artigo 25 punto 2 apartados "i" e "k" serán competencias dos concellos as de participación na xestión da atención primaria de saúde, así como a prestación dos servizos sociais e de promoción, así como o da reinserción social.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de colaboración, remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos, motivos que impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", o Concello de Vigo e a dita Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de

xaneiro de 2014., así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:

- a) O fomento da autoestima.
- b) A potenciación da personalidade.
- c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
- d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
- e) Transmitir modelos sociais igualitarios.

2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.

3. Proporcionarlles ás/os profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.

4. Catalogar a documentación da entidade, así como desenvolver labores de investigación das mulleres vítimas de violencia de xénero.

5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado "Asociacións en rede" (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario de cada entidade certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar agás os do persoal contratado pola entidade con cargo convocatoria de subvencións municipais para o Fomento do Emprego de 2013, continue ou non prestando os seus servizos na asociación.

7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos

3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de 27.907,61 € (27.495,19 € de custes salariais e 412,42 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2014, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

➤ A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

➤ En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

➤ A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1.O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.

2. Tres vocais:

a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.

b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos

c) Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

a) Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.

b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.

c) Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.

d) Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa

que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 16 de xuño de 2014 e o 31 de outubro de 2014.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2014.

Concellaría de Emprego, Participación
Cidadá e Voluntariado
Santos Hector Rodríguez Díaz

Presidenta da Asociación "Rede"
María Rosario Otero Rodríguez"

19(729).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN, NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA A ATENCIÓN Á CIDADANÍA MEDIANTE COIDADORES DE BARRIO. EXPTE. 10824/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27/06, do xefe do servizo conformado polo concelleiro de área e polo concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico e de fiscalización do 05 e 30/06/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Fundación ERGUETE-Integración, con CIF: G36861078.

Segundo.- Autorizar o gasto de 947.600,00 € como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4890020 “Convenio Erguete Inserción laboral”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, correspondendo a cantidade de 394.600,00 € ao orzamento de 2014, e 540.000,00 ao orzamento de 2015, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Fundación Érguete-Integración no orzamento de dito ano.

Terceiro.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

La justificación de todos los gastos inherentes al convenio, tanto lo realizado con cargo a la aportación del Instituto de la Mujer como lo realizado con cargo a la aportación de la Entidad local, se realizará de acuerdo con los términos establecidos en la la check-list- Listado de comprobación de gastos (Resolución de la Dirección General del Instituto de la Mujer , de fecha 5 de noviembre de 2012, por la que se aprueba la check-list que incorpora los documentos justificativos de los gastos en los convenios y subvenciones públicas), que se acompaña como anexo al texto de este convenio.

Dichas justificaciones se realizarán mediante facturas o documentos contables de valor probatorio equivalente, originales o fotocopias compulsadas y los correspondientes justificantes de pago de dichos gastos, acompañados de un informe final de las actuaciones realizadas (incluyendo partes de firmas de asistencia a cada una de las actividades formativas llevadas a cabo), en cada una de las anualidades y que se adjuntará a la justificación económica de cada ejercicio.

Respecto a los costes de la contratación de la persona física o jurídica para el desarrollo del Programa deberá de justificarse mediante la aportación del correspondiente contrato, así como con las facturas en caso de personas jurídicas y con las nóminas, TC1 y TC2, en el caso de ser persona física. Además del importe, se indicará el periodo de pago, así como el porcentaje de imputación de dicho gasto aplicado al Programa, si fuera el caso. La justificación referida al personal propio se realizará con la nómina del mismo, en la cuantía correspondiente a la imputación que corresponda y se justifique, dentro de los términos señalados en el presente convenio.

Si en el expediente justificativo figuran fotocopias compulsadas estas deberán ser realizadas previo estampillado en el original de un sello que indique el porcentaje de imputación al presente Convenio y que está cofinanciado por el PO. Lucha FSE 2007-2013.

La mencionada justificación deberá ir acompañada por 2 relaciones de facturas: una correspondiente a los gastos imputados a la aportación de la entidad local y otra a la del Instituto de la Mujer. En ambas relaciones, firmadas y selladas, figurarán los siguientes datos: número de factura, fecha, concepto, importe, nombre del perceptor o perceptora, su NIF/CIF, fecha de pago y porcentaje de imputación al Programa.

Se aportará, asimismo, un certificado expedido por quien ostente la Secretaría o por la Intervención del Ayuntamiento de Vigo en el que se dé cuenta de los gastos realizados y de los conceptos a que corresponda cada uno de ellos.

Los gastos del convenio efectuados con cargo a la aportación del Instituto de la Mujer, que está cofinanciada por el FSE, deberán figurar en la contabilidad de la entidad beneficiaria, y será aportada al Instituto de la Mujer cuando así sea requerida.

DUODÉCIMA - MODIFICACIONES.- Los términos del presente Convenio de colaboración podrán ser modificados de mutuo acuerdo entre las partes suscriptoras, siempre que no suponga un incremento del coste de las actividades a desarrollar. La modificación se incorporará como parte inseparable del texto del Convenio.

DECIMOTERCERA – CAUSAS DE EXTINCIÓN.- El presente Convenio se extinguirá por cumplimiento del mismo, resolución o por denuncia expresa de una de las partes con una antelación mínima de tres meses a la finalización del convenio.

Asimismo, serán causas de extinción de este convenio el mutuo acuerdo de las partes, la imposibilidad sobrevenida de cumplimiento o por causa de fuerza mayor.

Será motivo de resolución el incumplimiento total o parcial de las obligaciones contenidas en el mismo por alguna de las partes.

En caso de resolución del convenio, las partes quedan obligadas al cumplimiento de sus respectivos compromisos hasta la fecha en que ésta se produzca.

*Y para que conste y surta los efectos oportunos, en prueba de conformidad, las partes **FIRMAN** el presente Convenio, en triplicado ejemplar, en el lugar y fecha arriba indicado.”*

21(731).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA: T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU. EXPTE. 102378/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 02/07, do interventor xeral, conformado polo concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a T-SYSTEM IBERICA SAU (CIF A81608077 a garantía por unha contía de 1,848,58 euros constituída para das modificacións no contrato implantacion instrucción de Contabilidade, e, devolver a TECNICS AUTOMATITZACIO D' OFICINES (A08833907) a garantía por unha contía de 2,211,72 euros constituída responder do subministro aplicación contabilidade SICAL, por executarse conforme ao Prego de Cláusulas Administrativas que rexeu a contratación e a oferta presentada, así como por ter transcorrido o prazo previsto.

22(732).- RELACIÓN DE LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR.

Visto o informe de fiscalización do 27.06.14, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramento:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Rein-te-gro	S/ a favor
Barbará Rodríguez Beatriz	201400006839	9220.2260300	6.000,00	5.998,95	10/02/14	05/06/14	10/05/14	1,05	---
Escariz Couso Alberto	201400003742	9220.2219902	500,00	475,63	28/01/14	19/05/14	28/04/14	24,37	---
Escariz Couso Alberto	201400011539	2311.4800000	3.000,00	2.966,00	03/03/14	03/06/14	03/06/14	34,00	---
Escariz Couso Alberto	201400014857	1692.2310000	400,00	259,00	14/03/14	19/05/14	14/06/14	141,00	---
Escariz Couso Alberto	201400014858	1692.2300000	600,00	519,70	14/03/14	19/05/14	14/06/14	80,30	---
Escariz Couso Alberto	201400034049	9220.2200100	360,00	360,00	04/06/14	18/06/14	04/09/14	----	---
Espada Recarey Luis	201400021301	1693.2330000	7.572,60	7.572,60	16/04/14	30/05/14	16/07/14	----	---
Espada Recarey Luis	201400029688	1693.2310000	500,00	405,24	22/05/14	30/05/14	22/08/14	94,76	---
Espada Recarey Luis	201400029689	1693.2300000	500,00	428,80	22/05/14	30/05/14	22/08/14	71,20	---
Fernández Fernández Paz	201400001927	2310.4800000	100.000,00	100.000,00	15/01/14	24/04/14	15/04/14	----	---
Gutiérrez Orúe Francisco J.	201400034522	1694.2330000	600,00	600,00	10/06/14	18/06/14	10/09/14	----	---
Magdalena Vila Mª Jesús	201400008731	9310.2269900	500,00	105,45	13/02/14	29/05/14	13/05/14	394,55	---
Núñez Aboy Marta	201400027043	3340.2302000	336,73	322,62	13/05/14	27/05/14	13/08/14	14,11	---
Núñez Aboy Marta	201400027044	3340.2312000	300,00	253,14	13/05/14	27/05/14	13/08/14	46,86	---
Vivero Mijares Antonio	201400006825	1340.2269900	1.500,00	909,53	04/02/14	12/05/14	04/05/14	590,47	---
Vivero Mijares Antonio	201400025897	1340.2250000	92,52	92,52	05/05/14	19/06/14	05/08/14	----	---
TOTAL			122.761,85	121.269,18				1.492,6	

23(733).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE OPERACIÓNS CONTABLES POLA NON ASISTENCIA DO XEFE DO SERVIZO AO “41 CONGRESO NACIONAL DE PARQUES Y JARDINES PÚBLICOS”. EXPTE. 7541/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27/06, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro de área, a Xunta de Goberno queda informada do seguinte:

-Da non asistencia do Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns ao “41 Congreso Nacional de Parques y Jardines Públicos” que se realizou na cidade de Valladolid do 3 ao 7 de xuño do presente ano, a causa dunha baixa por enfermidade.

-Da anulación das operacións contables relacionadas coa asistencia ao Congreso (gastos de locomoción, inscrición ao Congreso e dietas).

24(734).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA: INVERSIONES MAGALLANES, S.L. EXPTE. 7579/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20/06, do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo concelleiro-delegado de área e visto informe de Intervención do 01/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución de aval requirido á empresa Sánchez Álvarez, S.L., por importe de 600,00 €, por retirada de árbore na rúa Magallanes 5, por demolición de edificio en dita dirección, xa que unha vez rematadas as obras dita árbore foi repostada correctamente.

25(735).- INCOACIÓN EXPEDIENTE DISCIPLINARIO. EXPTE. 41183/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 03/07, do intendente da Policía Local, conformado polo concelleiro de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario á funcionaria de carreira do Concello de Vigo, con posto de traballo de Policía Local, nip 294071, en base aos seguintes feitos:

-Un: Desobedecer a Orde escrita impartida polo oficial con nip 294268 o 14/01/2014 e notificada á funcionaria de policía o 15/01/2014, e posteriores de xeito verbal, de que a maior brevidade entregara os 21 boletíns de denuncias relacionados na mesma, que lle foran asignados no 2013 e que aínda tiña sin entregar. Asimismo se lle ordenaba que a cada boletín acompañara un parte de servizo explicativo das circunstancias concurrentes no retraso.

-Dous: A entrega extemporánea dos boletíns de denuncias que a continuación se relacionan sen cumprimentar os datos legalmente esixibles na denuncia e sen aportar explicación xustificativa dos motivos polos que non rematou as denuncias: 1595039 0; 1596699 5; 1601382 7; 1605687 9; 1608534 3; 1608548 0.

-Tres: Perda dos seguintes boletíns de denuncia: 1595041 3; 1600847 2; 1601377 3; 1606802 5; 1606812 4; 160728 0; 1607281 7.

Os feitos imputados poder ser constitutivos de dúas faltas graves de :

-Desobediencia aos superiores xerárquicos ou responsables do servizo con motivo das ordes ou instrucións dadas por aqueles, en canto ao feito sinalado no apartado un.

-Infracción de deberes ou obrigas legalmente establecidos inherentes ao cargo ou función, cando se produzan de maneira grave e reiterada, polos feitos resaltados nos apartados dous e tres.

Ambas faltas están tipificadas no art. 80, apartados b) e d) da Lei 4 /2007, do 20 de abril de Coordinación de Policías Locais.

De conformidade co art. 83 da mesma disposición, polas faltas graves pódese impoñer as seguintes sancións:

- 1.º) Suspensións de funcións dende 5 días ata un ano
- 2.º) Inmobilización na escala por un periodo non superior a cinco anos
- 3.º) Traslado a outro posto de traballo dentro da mesma localidade.

Segundo.- Nomear instrutor do procedemento ao Intendente da Policía Alberto Carballo Acuña e secretario ao Inspector José Manuel del Bosque Zapata.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e á funcionaria de policía expedientada aos efectos legalmente previstos.

Notifíquese así mesmo ao servizo de Persoal e á Xunta de Persoal.

26(736).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE DISTINTOS SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 25360/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta, do 27/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polos concelleiro-delegado; visto o informe de fiscalización do 01/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas realacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	
Desinfeccion	Xaneiro 2014	61:00:00	De Pardellas Avion, A Avelino a Seijas Alvarez , Jose Ramon
Parque Mobil (Desinfeccion)	Xaneiro 2014	16:00:00	Perez Tomes , Jesus
Parque mobil	Xaneiro 2014	145:30:00	DE Alonso Gonzalez, Angel a Riveiro Rodriguez, Jose
Parque Central	Xaneiro 2014	20:00	Rodrigue< Boente, Eduardo
SERVIZO	MES	Nº HORAS	
Parque Central	Xaneiro 2014	50:00:00	Abelleira Porrua, Guillermo a Perez Fernandez, J Alfonso
Parque Central	Xaneiro 2014	42:00:00	Comesaña Davila; Jose A a Troncoso Martinez; Avelino

Montes, Parques e Xardins	Xaneiro 2014	106:00:00	De Casas Iglesias, Alfonso a Perez DA silva, Eduardo
Museos	Xaneiro 2014	7:00:00	Vazquez Martinez, Ramon
Concelleria de Fomento, Vías e Obras	Xaneiro 2014	89:00:00	Barciela Simon, Benito a Matilde Viñas, Eugenio
Policia Local (Transportes)	xaneiro, febreiro, Marzo	60:00:00	Casas Gonzalez, Cesar
Ospio	Xaneiro 2014	80:00:00	Ferro Mancho; Angel a Vazquez Rial, Ramon
Gabinete de Alcaldia (conduutores)	maio 2014	298:00:00	Costas Fernandez, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	maio 2014	665:00:00	Aguirre Rodriguez , Manuel a Villar Dominguez, Manuel
Policia Local (Xulgados)	Maio 2014	760:00:00	Abalde Casanova, Jesus Ivan a Vive-ro Mijares, Juan Guillermo
Policia Local (Horas en exceso)	Maio 2014	570:20:00	Abalde Casanova, Jesus Ivan a Vila Campos, Francisco Jose

O montante do presente expediente ascende a un total de 29.274,86 €.

27(737).- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓN DO CONCELEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL:

A) AUTORIZACIÓN DE REDUCCIÓN DE XORNADA (50%) DA EMPREGADA MUNICIPAL DNA. MONTSERRAT GARCÍA GARCÍA. EXPTE. 25183/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“Primeiro.- Rectificar a resolución do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 3 de xuño de 2014, sobre autorización de redución de xornada de D^a Montserrat García García, con nº de persoal 79349, diplomada en traballo social adscrita ao departamento de Benestar Social, consistente na redución da xornada laboral nun 50% que se fará efectiva a partir do 7 de xullo ata o 31 de xullo de 2014, por motivos de garda legal de menores a cargo coa correspondente redución de retribucións, de conformidade co previsto no artigo 48.h) da Lei 8/2077, do Estatuo Básico do Empregado Público.

Segundo.- Mantéñse o resto do contido na resolución de data 3/6/2014.

Terceiro.- Notificar a presente resolución á interesada, Sra. Concelleira-Delegada de Política de Benestar Social, xefa do servizo de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) dando conta á conta á Xunta de Goberno Local.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos

supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

B) ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DO EMPREGADO MUNICIPAL D. EUGENIO FALQUE FONTÁN. EXPTE. 25297/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte resolución de data 27/06/2014, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao Parque Mobil, as funcións correspondentes ao posto de Oficial Xestor de acopios e custos, con carácter transitorio mentras non sexa cuberta a mesma polos procedementos legalmente establecidos.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda á cobertura do posto e en todo caso ata 31 de decembro do 2014, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

C). ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DO EMPREGADO MUNICIPAL D. ALFONSO BERROS RODRÍGUEZ. EXPTE. 25401/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte resolución do 27/06/14, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D Alfonso Berros Rodriguez, NP 78996, adscrito ao posto “Xefe da Unidade de Mantemento Municipal” das funcións de responsable da xestión administrativa e técnica do Servizo de Parque Mobil, ao atoparse vacante por xubilacion do titular do posto, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura da Area.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda á reasignación de efectivos ou incorporacion do funcionario adscrita ao posto vacante de Xefe do Parque Mobil, e en todo caso ata 31 de decembro do 2014.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humáns, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

D). CONCESIÓN DE PERMISO SEN SALARIO DA EMPREGADA MUNICIPAL DNA. M. PILAR DÍAZ DE BUSTAMANTE. EXPTE. 25420/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da seguinte resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 04/07/14:

"Primeiro.- Autorizar a D^a M^a Pilar Díaz de Bustamante, con NIF 33.214.076-Y e núm de persoal 14568, con praza de técnico medio de actividades culturais e posto de Xefa de Turismo, un permiso sen soldo do 1 ao 15 de agosto de 2014 por asuntos persoais, de conformidade co previsto no art.17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Segundo.- Dese conta da presente resolución á interesada, Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Industria, Turismo, Cultura e Festas, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

28(738).- PROPOSTA DE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 87805/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 24/06, do xefe de área conformado polo concelleiro-delegado e polo concelleiro de Facenda; visto o informe de fiscalización do 26/06, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- prezo do contrato a partir do 1 de xullo de 2013 quedará establecido na cantidade de 3.177.863,42 euros/ano e os seguintes importes parciais:

Apartados	Revisión s/facturación Xu11o 2013-Xuño 2014
A	2.215.803,07
B	587.485,63
C	192.994,79
D	181.579,93
TOTAL	3.177.863,42

Segundo.- Así mesmo se recoñece en concepto de atrasos as seguintes cantidades de acordo co seguinte desglose.

APARTADOS	Importe	9ª Revisión IPC	IMPORTE IPC
A	2.129.762,78	1,90%	40.465,49
B	520.054,27	1,90%	9.881,03
C	208.339,51	1,90%	3.958,45
D	174.529,13	1,90%	3.316,05
Total atrasos a 30/06/2013			57.621,02

APARTADOS	IMPORTE	9ª Revisión IPC	IMPORTE IPC	TOTAL	10ª Revisión IPC	IMPORTE IPC
A	1.787.866,18	1,90%	33.969,46	1.821.835,64	2,10%	38.258,55
B	520.054,27	1,90%	9.881,03	529.935,30	2,10%	11.128,64
C	208.339,51	1,90%	4.375,13	212.714,64	2,10%	4.467,00
D	145.357,71	1,90%	2.761,80	148.119,51	2,10%	3.110,51
Atrasos Xullo13-abril14			50.987,42			56.964,70
Total Xullo13-abril14						107.952,12

Terceiro.- Recoñecer á empresa o dereito a percibir a cantidade de 165573,14 € correspondente o IPC de xullo 2012 ata abril de 2014, con cargo á partida 1330 2279903.

29(739).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

A) MAGOPE, S.L. EXPTE. 88072/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 16 de maio de 2013 por Magope, S.L., con NIF B-36779528 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sanjurjo Badía, 218 por non producirse danos.

B) IMPERMEBA, S.L. EXPTE. 88544/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 22 de xaneiro de 2014 por IMPERMEBA, S.L., con NIF B-36696698 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Conde Torrecedeira, 35, por non producirse danos.

C) TEYCAR 2006, S.L. EXPTE. 88824/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de xaneiro de 2014 por Teycar 2006, S.L., con NIF B-36966000, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Conde Torrecedeira, 87, por non producirse danos.

D) EFETEUVE, S.L. EXPTE. 88963/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de marzo de 2014 por Efeteuve, S.L., con NIF B-27795566, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Santander, 7, por non producirse danos.

E) CONSTRUCCIONES RAUDIZ, S.L. EXPTE. 88926/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de marzo de 2014 por Construcciones Raudiz, S.L., con NIF

B-36040202, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Zamora, 92, por non producirse danos.

F) CONSTRUCCIONES Y GRANITOS FERMAN. EXPTE. 88955/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de febreiro de 2014 por Construcciones y Granitos Ferman, S.L., con NIF B-27769405, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Zaragoza, 56, por non producirse danos.

G) DIVINA MIGUÉLEZ RIVEIRO. EXPTE. 88944/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de decembro de 2013 por D^a Divina Miguelez Riveiro con NIF 35764705-G, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Poboadores, 33, por non producirse danos.

H) MARINA ESTÉVEZ VÁZQUEZ. EXPTE. 88943/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 25 de outubro de 2013 por D^a Marina Estévez Vázquez con NIF 35968890-H, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sanjurjo Badía, 51, por non producirse danos.

I) UZAL INSTALACIONES Y REFORMAS, S.L. EXPTE. 88982/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 20 de marzo de 2014 por Unzal Instalaciones y Reformas, S.L., con NIF B-27719657, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles da-

nos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Avda. De Castrelos, 27, por non producirse danos.

K) IMPERMEBA, S.L. EXPTE. 89010/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de marzo de 2014 por Impermeba, S.L., con NIF B-36696698, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Menéndez Pelayo, 30, por non producirse danos.

L) LUISA RODRÍGUEZ LÓPEZ. EXPTE. 88962/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 15 de xaneiro de 2014 por D^a M^a Luisa Rodríguez López con NIF 34416733-Q, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Aragón, 31, por non producirse danos.

m) CAMILO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. EXPTE. 88805/210

Visto o informe da xefa de Seguridade do 1.07.14, conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 21 de xuño de 2013 por Olga Rodríguez Fernández, con NIF 35960459-M por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Urzaiz, 213 por non producirse danos.

30(740).- PRÓRROGA DO PRAZO CONTRACTUAL DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS BANCARIOS AO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 14210/541.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 16/06/14, do tesourero municipal, conformado polo interventor xeral municipal que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 2 de agosto de 2010, acordou adxudicar definitivamente ás entidades de depósito CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA – CAIXANOVA, CAJA DE AHORROS DE GALICIA – CAIXA GALICIA (na actualidade ambas entidades conforman a entidade NCG BANK, S.A.), BANCO POPULAR ESPAÑOL, S.A., CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA “LA CAIXA “ (na actualidade CAIXABANK) e BANCO SANTANDER, S.A., a prestación dos servizos bancarios para a xestión ordinaria derivada da execución orzamentaria e extraorzamentaria do Concello de Vigo, instrumentándose mediante a apertura e mantemento dunha ou varias contas correntes retribuídas para a execución dos cobros e os pagos que realice a tesourería municipal do Concello de Vigo.

II.- Coas catro entidades adxudicatarias formalizáronse os oportunos contratos nos correspondentes documentos administrativos, tal e como consta no expediente.

III.- A cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu a adxudicación do concurso para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo a que nos estamos a referir, dispón que o prazo de duración do contrato será de tres anos contados a partir da data da súa adxudicación, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso entre as partes, alcanzado antes do vencimento do termo expresado, ou do de calquera das prórrogas que eventualmente se acorden, por períodos sucesivos de carácter anual, cun máximo de tres prórrogas, sen que, polo tanto, a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder dun período máximo de 6 anos.

IV.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión do 8 de agosto de 2013, acordou prorrogar de forma expresa os contratos formalizados coas entidades de depósito NOVAGALICIA BANCO S.A., BANCO POPULAR ESPAÑOL S.A., CAIXABANK S.A. e BANCO SANTANDER S.A., en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeu a adxudicación do concurso para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo.

En consecuencia, tendo en conta que a prórroga acordada ten unha duración dun ano, os contratos formalizados coas entidades adxudicatarias atópanse próximos ao seu vencemento, sen que a duración total do contrato alcanzara, polo de agora, o período máximo de duración do contrato -6 anos- previsto nos pregos de condicións e de cláusulas administrativas particulares.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- O réxime xurídico da tesourería das entidades locais atópase nos artigos 194 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante LHL), que dispoñen que constitúen a tesourería das entidades locais todos os recursos financeiros, sexan diñeiro,

valores ou créditos, da entidade local, tanto por operacións orzamentarias como extrapresupuestarias.

SEGUNDO.- Con respecto ás funcións encomendadas ás tesourerías locais, o artigo 196 da LHL, establece que son as seguintes:

- a) Recadar os dereitos e pagar as obrigacións.*
- b) Servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.*
- c) Distribuír no tempo as disponibilidades dinerarias para a puntual satisfacción das obrigacións.*
- d) Responder dos avais contraídos.*
- e) Realizar as demais que se deriven ou relacionen coas anteriormente numeradas.*

TERCEIRO.- Pola súa beira, o artigo 5 do real decreto 1.174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, dispón:

1. "A función de tesourería comprende:

- a) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade local, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.*
- b) A Xefatura dos servizos de recadación.*

2. O manexo e custodia de fondos, valores e efectos comprende:

- a) A realización de cantos cobros e pagos corresponda aos fondos e valores da entidade, de conformidade co establecido polas disposicións legais vixentes.*
- b) A organización da custodia de fondos, valores e efectos de conformidade coas directrices sinaladas pola Presidencia.*
- c) Executar, conforme ás directrices marcadas pola Corporación, as consignacións en bancos, caixa xeral de depósitos e establecementos análogos, autorizando xunto co ordenador de pagos e o interventor os cheques e demais ordes de pago que se viren contra as contas abertas nos devanditos establecementos.*
- d) A formación dos plans e programas de tesourería, distribuindo no tempo as disponibilidades dinerarias da entidade para a puntual satisfacción das súas obrigacións, atendendo ás prioridades legalmente establecidas, conforme ás directrices marcadas pola Corporación.*

3. A Xefatura dos servizos recadatorios comprende:

▯ ▯ O impulso e dirección dos procedementos recadatorios, propondo as medidas necesarias para que a cobranza realícese dentro dos prazos sinalados (...)."

CUARTO.- Para a realización efectiva destas funcións, o artigo 197 da LHL autoriza ás entidades locais a concertar os servizos financeiros da súa tesourería con entidades de crédito e aforro, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

- a) Contas operativas de ingresos e pagos.
- b) Contas restrinxidas de recadación.
- c) Contas restrinxidas de pagos.
- d) Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería.

QUINTO.- Finalmente, o artigo 199 da LHL dispón que as Entidades Locais poderán concertar, con calquera entidades financeiras, operacións de tesourería para cubrir déficit temporais de liquidez derivados das diferenzas de vencimentos dos seus pagos e ingresos, así como rendibilizar os seus excedentes temporais de tesourería mediante investimentos que reúnan as condicións de liquidez e seguridade.

SEXTO.- Folga comentar que as Tesourerías das Administracións Públicas en xeral, e a do Concello de Vigo en particular, debido ó elevado montante dos fondos xestionados e o crecente volume de transaccións realizadas, precisan inexcusablemente dos servizos de intermediación prestados polas institucións financeiras, entre outros motivos, polas garantías de fiabilidade e confianza que ofrecen as transaccións realizadas a través das entidades de depósito fronte á escasa seguridade que ofrecen os movementos de numerario realizados a través das tradicionais caixas de caudais, así como pola facilidade operativa dos instrumentos bancarios de cobro e pago.

Así, a título meramente indicativo, sinalar que segundo o estado de situación de existencias en tesourería incluído na liquidación do orzamento do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2013, durante ese ano realizáronse cobros por un importe total de 342.982.179,05 € e pagos por un importe total de 356.288.807,54 €, sendo as existencias finais de 77.379.877,12 €, o que xa de por sí xustifica plenamente a necesidade de contar cos servizos das entidades de depósito para organizar o manexo e a custodia dos fondos do Concello de Vigo.

En definitiva, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos espostos, o funcionario que subscribe estima que deben prorrogarse de forma expresa os contratos formalizados coas entidades de depósito en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares, polo que, formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Prorrogar de forma expresa por un período de carácter anual, ata o 2 de agosto de 2015, os contratos formalizados coas entidades de depósito NOVAGALICIA BANCO S.A., BANCO POPULAR ESPAÑOL S.A., CAIXABANK S.A. e BANCO SANTANDER S.A., en materia de prestación de servizos bancarios, de conformidade co establecido na cláusula 4ª do prego de prescricións técnicas e 7ª do prego de cláusulas administrativas particulares polos que se rexou a adxudicación do concurso para a contratación dos servizos bancarios do Concello de Vigo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

31(741).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN, POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NOS ESPAZOS DE TEMPO LIBRE. EXPTE. 4215/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 20/06/14, da xefa do servizo de Xuventude, conformado pola concelleira-delegada de área; visto o informe de fiscalización do 02/07/14, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/0014/14 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de maio de 2014 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de maio de 2014, partida 3370 2279900 “*Ludoteca Casa da Xuventude e Coia*” do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

32(742).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trece minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.